

XXXVI TROFEO PEDESTRISMO CONCELLO DE CANGAS



e-mail: contabilidade@cangasdeporte.com

Fax: 986 392 304

Datos:

*Club, nome e apelidos, data de nacemento, categoría,
nº de licenzia federativa (quen a teña) e tfno. contacto*

XXXVI TROFEO PEDESTRISMO CONCELLO DE CANGAS

**DOMINGO, 6
de DECEMBRO 2009**
**Alameda Vella
de Cangas**
a partir das 10:00 h.



caixanova
A caixa de todos e cada un



caixanova
A caixa de todos e cada un



Regulamento

1 O Club Atletismo Vila de Cangas, co patrocinio do Ilmo. Concello de Cangas e a Fundación Cangas Deporte, e coa autorización da Delegación da Federación Galega de Atletismo en Vigo, organizan o **XXXVI Trofeo de Pedestrismo**, que terá lugar o día **6 de Decembro de 2009**, con saída e chegada na Alameda Vella de Cangas. Esta é unha proba oficial da FGA.

2 O control e dirección das carreiras estará a cargo do Comité de Xuices de Atletismo da Delegación da Federación Galega de Atletismo en Vigo, por ser unha proba federada, pero con inscrición libre, polo tanto podrán participar tódolos atletas que o dexesen, en base a Circular nº 62/2008 da F.G.A.: Non se autorizará a participación de atletas extranxeiros coas excepcións correspondentes

- Atletas portugueses sempre e cando estes atletas non foran internacionais polo seu país, nos últimos 5 anos (e na proba similar na que vai a participar).
- Atletas residentes en Galicia. Deberase xustificar con permiso de residencia ou traballo
- Atletas con licencia pola Federación Galega de Atletismo

3 As categorías e horarios das carreiras serán as seguintes:

Categorías dos atletas por ano de nacemento

- Minibenxamin - 03/04 • Cadete - 95/96 • Promesa - 88/89/90
- Benxamin - 01/02 • Xuvenil - 93/94 • Senior - 87 ata veteranos
- Alevín - 99/00 • Xunior - 91/92 • Veteráns - 35 anos en diante
- Infantil - 97/98

HORARIO DAS PROBAS

- 10:00 h: Benxamin Masculino e Alevín Femenino - 1.000 m
- 10:15 h: Alevín Masculino e Infantil Femenino - 1.250 m
- 10:30 h: Infantil Masculino e Cadete Femenino - 2.000 m
- 10:45 h: Benxamin Femenino - 500 m
- 11:00 h: Minibenxamin Femenino e Masculino - 250 m
- 11:10 h: Cadete Masculino - 3.000 m
- 11:20 h: Entrega de Trofeos Categorías Deporte Escolar
- 11:30 h: Xuvenil, Xunior e Veteráns Femenino - 3.000 m
- 11:50 h: Xuvenil, Xunior e Veteráns Masculino - 5.000 m
- 11:50 h: Absoluta Femenina: Promesa e Senior Femenino - 5.000 m
- 12:20 h: Absoluto Masculino: Promesa e Senior Masculino - 9.000 m
- 13:00 h: Entrega de Trofeos

4 As inscricións deberán efectuarse por escrito para cada carreira no correo electrónico contabilidade@cangasdeporte.com (solicitar confirmación da recepción do correo) ou a través do fax: 986 392 304, nas que se farán constar: club, nome e apelidos, data de nacemento, categoría, nº de licencia federativa (quen a teña) e tfno. contacto. As inscricións serán gratuítas e ilimitadas para tódalas carreiras, o prazo para as mesmas rematará o mércores, día 2 de Decembro do 2009 (durante todo o día).

5 Os atletas participarán cos dorsais asignados pola Organización quedando ven visible a súa publicidade.

6 Será motivo de descalificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, non levar dorsal ou manipular éste e falsificar datos persoais.

7 Será gañador do XXXVI Trofeo de Pedestrismo Ilmo. Concello de Cangas o primeiro/a clasificado/a na proba de Promesas - Senior (absoluta).

8 Otorgaranse trofeos ós tres primeiros clasificados en tódalas categorías e medallas ata o décimo clasificado nas categorías escolares.

9 Otorgaranse tamén premios en metálico ós mellores clasificados nas carreiras de Absolutas (Promesas - Senior) de ámbolos dous sexos, polo que firmarán a acta da proba e facilitarán os seus datos bancarios para realizar o ingreso do premio.

- 1º Clasificado /a: 500 €
- 2º Clasificado /a: 350 €
- 3º Clasificado /a: 200 €
- 4º Clasificado /a: 100 €

10 En cada carreira, na categoría de veteranos, haberá unha soa categoría, a excepción de que compitan máis de 10 atletas en cada unha delas; nese caso na entrega de trofeos desdobláranse en dúas categorías:

- **Veteráns Femenino:** de 35 a 45 anos e de 46 en diante
- **Veteráns Masculino:** de 35 a 45 anos e de 46 en diante
- Os/as atletas veteranos que o desexen, poden participar na carreira absoluta correspondente, indicándoo na inscrición, e non poderá participar noutra proba.

11 As reclamacións sobre a Competición deberán ser presentadas dacordo coas normas establecidas no Regulamento Internacional da I.A.A.F. Deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados. Se son desestimadas por éste poderase presentar reclamación por escrito e acompañada dun depósito de 60 € ao Xurado de Apelación.

12 O Concello de Cangas, a Fundación Cangas Deporte, o Club Atletismo Vila de Cangas e os seus colaboradores non se fan responsables sobre os posibles danos que con motivo da competición poidan corresponder ante o seguro deportivo ou outra mutualidade.

13 Todo o non previsto na presente normativa rexerese polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamento por instancias superiores.

14 A inscrición neste XXXVI Trofeo de Pedestrismo Ilmo. Concello de Cangas implica a total aceptación do preceptuado no presente Regulamento.

